

CONCURSO DE LISTAS DE AGARDA DE PROFESORADO SUBSTITUTO LA2408

CAUSAS DE EXCLUSIÓN E FORMA DE SUBSANACIÓN

As causas xerais de exclusión pódense subsanar como se indica a continuación:

CÓD	Causa de exclusión	Forma de subsanación
04	Non acredita o pagamento das taxas en prazo, como esixe a convocatoria	Achegando copia do pagamento feito en prazo. De non ser así, o defecto é non subsanable, dado que tivo que ser realizado, tal e como indica a convocatoria, no prazo de presentación de solicitudes.
D01	Non presenta documento acreditativo da identidade	Achegando copia do documento que corresponda.
D03	Documento de identidade caducado	Achegando copia <i>actualizada</i> do documento que corresponda.
M01b	Non presenta a relación de méritos ou non o fai empregando o modelo normalizado	Non subsanable, dado que consonte coa convocatoria calquera documento relacionado cos méritos non pode ser admitido fóra do prazo de presentación de solicitudes.
M02b	A relación de méritos non está adecuadamente referenciada á praza	Achegando a relación de méritos coa referencia <i>correcta</i> da lista á que se refire. <i>A referencia debe figurar en todo caso na cabeceira do documento, xunto aos datos identificativos.</i>
S01	Non fixo en prazo a inscrición a través da aplicación, como esixe a convocatoria	Non subsanable, dado que tivo que ser realizado, tal e como indica a convocatoria, no prazo de presentación de solicitudes.
S04	Non presenta copia da solicitude xerada na fase de inscrición	Achegando copia da solicitude xerada no proceso de inscrición.
T01	Non acredita a titulación esixida	Achegando calquera documento adecuado: copia do título requirido, certificación provisional en vigor, certificado de títulos de "Mi Carpeta Ciudadana". A titulación é a que aparece no perfil da praza ou unha superior que permita o acceso á función pública ¹
T03	Non acredita homologación ou equivalencia de título estranxeiro	Achegando copia da credencial de homologación ou de declaración de equivalencia do título estranxeiro.
X04	Non acredita adecuadamente a exención de taxas por desemprego (falta certificado de 6 meses de antigüidade como demandante de emprego)	Achegando certificado no que se acredite que ten cando menos 6 meses de antigüidade como demandante de emprego na data de publicación da convocatoria. Se non se pode certificar terá que subsanar o pagamento incorrecto da taxa abonando a diferenza (contactar co Servizo).

¹ Disposición adicional 4ª do Real Decreto 889/2022 e artigo 76 e disposición transitoria 1ª do Real Decreto Legislativo 5/2015



CÓD	Causa de exclusión	Forma de subsanación
X04b	Non acredita 6 meses de antigüidade como demandante de emprego contados dende a data de publicación da convocatoria	Achegando certificado no que se acredite que ten cando menos 6 meses de antigüidade como demandante de emprego <u>a contar dende a data de publicación da convocatoria</u> . Se non se pode certificar terá que subsanar o pagamento incorrecto da taxa abonando a diferenza (contactar co Servizo).
X05	Non acredita adecuadamente a exención de taxas por desemprego (falta certificado de que non percibe prestacións na actualidade)	Achegando certificado no que se acredite que non se está a percibir prestación ou subsidio por desemprego. Se non se pode certificar terá que subsanar o pagamento incorrecto da taxa abonando a diferenza (contactar co Servizo).
Y04	Non acredita coñecemento suficiente da lingua estranxeira indicada na convocatoria	Achegando copia do documento que corresponda.

